

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde – Presidente do Concello de Negreira, na Provincia de A Coruña

Tras resolución da Deputación Provincial da Coruña, no seu BOP nº41 do 2 de marzo de 2022 publica a convocatoria para o programa de Socorrismo dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da coruña durante o exercicio 2022. Tras notificación de Resolución favorable pola publicación do BOP nº86, do 6 d e maio de 2022, e considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000181

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases para a contratación, 1 socorrista de persoal laboral a xornada completa para o programa de socorrismo do Programa FOO23B/2022 dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022

O texto das bases vai adherido como anexo a este decreto.

Segundo: Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Terceiro: Remitir á Consellería de Emprego e Igualdade toda a documentación que requira para unir ó expediente.

ANEXO:-



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

**BASES CONTRATACIÓN SOCORRISTA FINANCIADO POLA EXCMA.
DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
SOCORRISMO 2022.**

1- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación dun/dunha socorrista para a Piscina Municipal do Concello de Negreira, mediante contratación laboral de duración determinada.

As funcións a desenvolver son as seguintes:

- Garantir de forma directa e persoal, a seguridade dos usuarios e bañistas, durante o tempo que permanezan no vaso da piscina.
- Advertir as persoas e bañistas dos perigos que poden correr, unha vez no vaso da piscina, se non saben andar e manterse na piscina.
- Prestar, de forma directa e persoal, os primeiros auxilios as persoas bañistas que, por calquera razón ou motivo, encontrándose no vaso da piscina, poidan pasar apuros ou malestar.
- Pasar o limpa-fondos e limpeza do vaso.
- Análise diario do PH e cloro de auga mantendo os niveis establecidos por Sanidade.
- Manexo da depuradora: limpeza do filtro, lavado de arenas, contralavado, limpeza de pediluvios e aplicación de produtos químicos.
- Controlar o acceso e o aforo da piscina.
- Calquera outra función que fose necesaria desempeñar do acordo o seu posto, e conforme a lexislación vixente.

2- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.

Duración do contrato: tres meses dende a sinatura dos contrato.

A xornada de traballo será de xornada completa de 37,5 horas semanais de luns a domingo, cos descansos que establece a lei, que haberá de acomodarse ó horario da piscina. As persoas contratadas estarán obrigadas a presta-la súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

3- CONDICIÓN ASPIRANTES.- Para poder tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán estar en posesión dos seguintes requisitos:



- a) Ser de nacionalidade española. As persoas nacionais doutros estados da Unión Europea poderán acceder ao posto de traballo consonte o disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico da Función Pública.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. (Anexo II.)
- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza xudicial firme para o exercicio das funcións públicas. (Anexo II)
- f) Copia da documentación acreditativa da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, nos termos expresados no art. 9 do Decreto 104/2012 do 16 de marzo.

4- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Estará constituído polos seguintes membros actuando todos con voz e voto:

- Presidenta: Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira ou quen delegue.
- Secretaria: Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira, ou en quen delegue
- Vogais : Álvaro Lira Gorgal Coordinador de Cultura e Deportes do Concello de Negreira e Marcos Pérez Lourido Coordinador de Cultura e Deportes do Concello de Negreira, Ana Lucía Calviño Canedo, AEDL do Concello de Val do Dubra, ou en quenes deleguen.

Os membros do Tribunal poderán recibir o apoio de cantos asesores consideren oportuno.

O tribunal non poderá constituírse sen actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso será imprescindible a presenza do Presidente e do/a Secretario/a ou de quen os sustitúan.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores especialistas, actuarán con voz e sen voto.



5- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Será o de concurso-oposición, mediante a valoración dos criterios que posteriormente se establecen, e a realización das probas que así mesmo se indican.

O proceso de selección consistirá nunha **fase de concurso**, onde se valorará a formación e a experiencia profesional do candidato/a presentada por rexistro de entrada tal e como establece no presente apartado. Nesta fase de concurso establécese unha puntuación máxima de **8 puntos**, e unha fase de oposición (proba escrita) valorada en **12 puntos**, desglosadas da seguinte forma:

5.1- Fase de Concurso(máximo 8 puntos)

1.- Por outras titulacións relacionadas co posto, computarase unicamente o nivel superior acreditado.(MÁXIMO 1 punto):

- Graduado ou Licenciado en INEF.....1 Puntos.
- Mestre especialista en educación física.....0.75 Puntos.
- Técnico superior en actividades físicas e deportivas.....0.50 Puntos.

2.- Por cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver; (máximo 2 puntos):

- Cursos iguais ou superiores a 100h..... 1 Punto.
- Cursos entre 50 e 99 horas..... 0.50 Puntos.
- Curso iguais, ou superiores a 20 horas ata 49.....0.25 Puntos.

3.- Por experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,20 puntos por mes completo traballado, ata un máximo de 4 puntos. Xustificarase polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral e Certificados de Empresa ou Contratos de Traballo. (máximo 4 puntos)

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computarase unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.:(máximo 1 punto)

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3: 0, 50 puntos.
- Celga 4: 1 punto.

Sumarase a puntuación acadada nos apartados 1, 2, 3 e 4 para determinar a puntuación total na fase de concurso.

Os documentos orixinais acreditativos destes méritos deberán ser presentados o día fixado para a realización da fase de oposición

5.2 Fase de oposición: (Máximo 12 puntos)

Os/as interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados polo concello aos efectos de levar a cabo unha proba escrita, onde se valorarán as aptitudes, cualidades e coñecementos. A proba consistirá nun exame tipo test de 30 preguntas, valorado en 0.40 puntos cada pregunta acertada correctamente, sendo a puntuación máxima acadable de 12 puntos. O temario da devandita proba é o seguinte:

-Temario Xeneral: 1. A Constitución Española: Principios xerais e Dereitos fundamentais. 2. O municipio, territorio e poboación. 3. Organización Municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias Municipais. 4. Os dereitos e deberes dos Emprgeados Públicos - Temario Específico: Primeiros Auxilios 1. Principios xerais do socorrismo 2. Hemorragias 3. Feridas 4. Queimaduras 5. Fracturas, esguinces e luxacións 6. Reanimación cardio pulmonar 7. Problemas de consciencia: lipotimias, golpes de calor e shock 8. Salvamento acuático 9. Afogados

SEXTO.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

1. As persoas interesadas presentarán unha solicitude dirixida ao alcalde do Concello de Negreira (modelo ANEXO I) na que farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo para presentar solicitudes, así coma a documentación xustificativa dos méritos de ser o caso.

As citadas solicitudes presentaranse durante o prazo de CATRO (4) DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web do concello de Negreira (<https://concellodenegreira.gal/index.php/es/>) .

As instancias presentánsense no rexistro do Concello de Negreira ou a través de calquera dos sistemas previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso, os/as participantes deberán comunicalo mediante aviso do xustificante de envío da solicitude o correo electrónico do concello (concello@concellodenegreira.es) durante o mesmo prazo que o de presentar solicitudes; o prazo rematará ás 14:00 horas do último día vixente.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se considere para todos os efectos.

2. Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, de maneira ineludible, a seguinte documentación:

- A fotocopia do DNI.
- A fotocopia da titulación esixida na base 3.^a, letra f) desta convocatoria.
- Xustificantes de cursos e experiencia profesional.(Tal e como se describe no párrafo seguinte)
- Anexo II.



Ademais e a efectos de baremación, as persoas aspirantes poderán xustificar os méritos obxecto de valoración coa seguinte documentación, a saber:

- Certificado de servizos prestados onde conste a categoría profesional e a duración deste así o tipo de xornada, xunto coa vida laboral e no seu defecto, contrato de traballo e tamén vida laboral actualizada a data de presentación da instancia.(Só se valorará si se presentan estes dous documentos)
- Cursos homologados relacionados coas función propias da praza á que se aspira impartidos pola Administración pública, universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e demais formación homologada
- Titulación académica de nivel superior á requirida para a praza e relacionada coa mesma
- O certificado de lingua galega, expedido polo organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido pola entidade académica para tal fin.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras comunidades autónomas do Estado español ou doutros países, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, ou debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

– Ao presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, entenderase que os/as participantes aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non se admitirá a presentación de documentación presentada posteriormente ó prazo establecido para a devandita convocatoria, do mesmo xeito tan só se aceptará a documentación enviada por as canles descritas no presente punto.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

Recibidas as solicitudes, procederase, por resolución da Alcaldía a ditar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso, así como a citación para a realización da proba escrita. Unha vez realizada a devandita proba procederase a publicar a puntuación acadada na fase de oposición e na fase de concurso provisionalmente, os candidatos contarán con dous (2) días hábiles para ver interpor calquer recurso ou reclamación antes de proceder a publicar a listaxe definitiva.

Unha vez expirado o prazo procederase a publicar a listaxe de candidatos definitivos, e a proposta á alcaldía para formalizar a contratación.

Esta resolución publicarase na páxina web do concello, así como tablón de anuncios do mesmo.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

No caso de empate das puntuacións totais/ finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego;
- 2º. Maior antigüidade en situación de desemprego
- 3º. A maior puntuación obtida na fase de oposición.

Os candidatos propostos para súa contratación serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a fase de oposición tendo en conta que non se poderán propor para a contratación maior número de persoas que o número de prazas ofertadas.

Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo Tribunal presente, no prazo de dous días hábiles dende a publicación na páxina web dos concellos participantes e no taboleiro de anuncios do concello promotor a acta definitiva do Tribunal, a seguinte documentación:

- Número de conta bancaria e fotocopia da Tarxeta Sanitaria.
- Informe do médico de cabeceira, onde se especifique que o candidato non padece enfermidades nin esta afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Este informe é obrigatorio presentalo no momento de realiza a contratación.

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do Tribunal, tendo en conta o prazo máximo da contratación que será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

Establecerase un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Real Decreto 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

O non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

8.- RECURSOS.-

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimane destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

9.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporándose nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Departamento de Emprego, solicitudes asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal , o rexistro de solicitudes de candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar publicidade a esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha forma non rango de Lei”.

En Negreira a 2 de xuño de 2022.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS: _____
DNI: _____
TELÉFONO DE CONTACTO: _____
ENDEREZO: _____

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

Socorrista

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

DNI.

Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación aportada polo aspirante.

Xustificación da condición de destinatario da Base2.

Declaración xurada (Anexo II).

En Negreira, a ___ de xuño de 2022

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

ANEXO II .- MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio en
_____.

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

Socorrista

convocada polo Concello de Negreira e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

D) Declaro formalmente non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.